

Procure4Health Healthcare Innovation Procurement Network

A Compra Pública Innovadora (CPI) busca achegar ao sector público procedementos e tecnoloxías innovadoras para que se poidan beneficiar das súas vantaxes tanto os cidadáns que reciben estes servizos e produtos adquiridos polo sector público, como a propia Administración pública. A CPI consiste en promover a innovación empresarial desde o punto de vista da demanda pública, que move sobre 2 billóns de euros ao ano. Se o 3% do gasto público realizado para provisión de obras, material e servizos realizáse a través desta ferramenta, uns 60.000 millóns de euros anuais serían asignados a I+D+i, un importe similar ao dos fondos do programa Horizon 2020 para o período 2015-2020 (70.200 millóns de euros). Estímase que incrementar nun 3% o investimento en I+D podería crear ata 3,7 millóns de postos de traballos e aumentar considerablemente o PIB. A compra pública innovadora ten gran potencial para promover o desenvolvemento e con iso, o emprego de calidade.

Cada ano, as autoridades públicas da UE invisten aproximadamente o 10% do PIB na adquisición de servizos, obras e subministracións sociosanitarios. A tendencia ao incremento dos custos é un desafío para a sustentabilidade dos sistemas de saúde a nivel mundial. Potenciar instrumentos de compra pública (por exemplo: CPTI, CPP, etc.) podería axudar a afrontar as necesidades presentes e futuras e alcanzar mellor calidade-prezo, impulsando a demanda de innovación.

Con todo, aínda existen barreiras para que a UE xeneralice a CPI, algúns exemplos son a diversidade de sistemas sanitarios, as diferenzas legais, burocracia, barreiras lingüísticas, carencia das competencias adecuadas, etc. A nivel europeo non existe aínda un coñecemento consolidado respecto a a compra pública innovadora nin procedemento, avaliacións ou ferramentas fiables.

Procure4Health é un proxecto da UE iniciado o 1 de xuño de 2022 que pretende poñer fin a estas barreiras a través da creación dunha rede de referencia para máis de 350.000 compradores públicos. Trátase dunha base de datos consolidada, destinada ao intercambio de coñecemento, boas prácticas e procedementos de xestión, así como ao deseño de programas formativos. Ademais, o foco central será identificar e priorizar necesidades comúns para elaborar proxectos de compra pública innovadora e plans de acción no ámbito sanitario. Porcure4health proporciona un ambiente adecuado para os compradores públicos e privados e constitúe a comunidade máis extensa de compra pública de innovación sanitaria, destinada ao intercambio efectivo de coñecemento, desenvolvemento das capacidades dos compradores, definición de necesidades comúns e progreso no marco da UE.

O proxecto reúne a 33 socios de 15 países, incluíndo a 14 compradores públicos da UE (3 de España, 1 de Portugal, 1 de Francia, 1 de Italia, 1 de Grecia, 2 de Polonia, 2 de Suecia, 1 de Dinamarca, 1 de Estonia, 1 de Bélxica), 1 comprador privado da UE (Portugal), 4 compradores públicos de países asociados (1 de Turquía, 1 de Noruega, 1 de Reino Unido), 1 asociación de entidades referentes na área, 1 axencia pública e privada e 6 empresas colaboradoras e ONGs (2 de Holanda, 2 de España, 1 de Bélxica, 1 de Alemaña).

CONTIDOS RELACIONADOS

A crecente comunidade de compradores de innovación sanitaria e social

DIRECTO A

Plan de Acción
Procure4Health

Declaración de apoio do Xerente do Servizo Galego de Saúde

Declaración de apoio do Xerente da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde

NOVAS

Participa na segunda convocatoria irmandamentos "Twinings" do proxecto PROCURE4HEALTH para compartir coñecemento e colaboracións conxuntas no ámbito da Compra Pública Innovadora

A Comisión Europea concede o proxecto PROCURE4HEALTH para a creación dunha rede europea de compra pública de innovación no ámbito da saúde

A achega neste proxecto do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) consistirá en compartir a súa extensa experiencia no ámbito da CPI, estratexias para fomentar o emprego desta ferramenta no sector público e difundir prácticas sustentables. A participación en Procure4health integra ao SERGAS e ACIS na maior rede europea de compra pública innovadora de ámbito sanitario, axudando ás partes para definir necesidades comúns, trazar estratexias para os retos sanitarios do futuro, compartir boas prácticas de CPI e contribuír a transformalas en políticas públicas.

Orzamento total: 5.000.000 EUR

Período: 2022 - 2025

Páxina web do proxecto: [Procure4Health – Health innovation procurement network](#)

Sanidade participa en Madrid na clausura do proxecto Procure4Health para a creación dunha rede de compradores públicos de innovación sanitaria a nivel europeo	>
Galicia participa en Bruxelas na reunión do consorcio PROCURE4HEALTH, a maior rede de compradores públicos de innovación en saúde a nivel europeo	>
Galicia participa na assemblea xeral da rede europea de compradores públicos de innovación sanitaria PROCURE4HEALTH en Porto (Portugal)	>
Sanidade participa nun encontro en Zaragoza con responsables de innovación sanitaria de Andalucía, Aragón, Cantabria e Valencia no marco do proxecto PROCURE4HEALTH	>
A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde organiza un encontro cos responsables da innovación sanitaria de Andalucía e Aragón no marco do proxecto PROCURE4HEALTH	>
O Servizo Galego de Saúde participa no taller de transformación dixital celebrado en Jerez de la Frontera no marco do proxecto PROCURE4HEALTH	>
O Servizo Galego de Saúde xunto coa Axencia Galega de Coñecemento en Saúde participan na assemblea xeral do proxecto PROCURE4HEALTH en Murcia	>
A comunidade PROCURE4HEALTH réunese en Málaga para seguir traballando no apoio ás organizacións sanitarias europeas	>

